



Sistema de información da arqueoloxía urbana limiá para a investigación, xestión e posta en valor do patrimonio arqueolóxico

Antecedentes e situación actual

A existencia de vestixios arqueolóxicos no subsolo da actual Xinzo de Limia é coñecida xa desde moi antigo – véxanse as referencias recollidas por González de Ulloa (1777), Ceán Bermúdez (1832) ou Díez Sanjurjo (1904)– pero non será ata 1972 cando se realice a primeira intervención arqueolóxica científica –a dirixida por Xesús Ferro Couselo na finca Cortiñela (O Regueiro)–, dando lugar ó achado das dúas famosas estatuas sedentes de Xinzo e mais dun miliario. Non obstante, a relevancia destes achados certamente pasou desapercibida, sendo daquela interpretado o xacemento como unha pobre e sinxela *villa* baixoimperial romana.

A emerxencia do que propiamente se pode considerar arqueoloxía urbana xinzense prodúcese en 1995-1996 coa realización dunha importante intervención arqueolóxica no solar e adro da Igrexa Vella ou de Sta. Mariña, dirixida por M. Xusto Rodríguez. A escavación detectou os vestixios dunha probable *domus* romana (ss. II-IV d.C.) sobre a que se sobrepoñen unha necrópole de inhumación paleocristiana (ss. V-VI) e, despois, múltiples estruturas constructivas medievais e modernas (igreja prerrománica – ss. IX-XI–, igrexa románica –ss. XII-XV–, igrexa do s. XVI, transformacións dos ss. XVII e XIX), sempre asociadas ós correspondentes niveis de inhumacións.

A información arqueohistórica xenerada por esta intervención na Igrexa Vella, xunto con outros achados casuais –entre eles unha ara romana aparecida nunha obra da rúa Padrón esquina rúa Galicia–, supuxeron un cambio radical no coñecemento das orixes de Xinzo e, en consecuencia, tamén na valoración dos vestixios arqueolóxicos que denotan estas antigas orixes. Prácticamente tódolos estudiosos coinciden en afirmar que o subsolo do Casco Histórico de Xinzo agocha os restos dun núcleo urbano romano importante –sen dúbida o que as fontes clásicas denominan *Forum Limicorum*, isto é, o núcleo capital da comunidade indíxeno-romana dos *Limici*– e que, polo tanto, é previsible que aparezan restos certamente relevantes tales como infraestructuras urbanas –rúas empedradas, cloacas, canalizacións–, edificios públicos –foro, templos, mercado, termas –, edificacións

domésticas –ricas *domus* con patios ou pavimentos de mosaico– ou construcións de índole artesanal e comercial –talleres, obradoiros, *tabernae*–. O tamaño do antigo *Forum Limicorum* semella ser igualmente moi considerable –ó redor de 5 hectáreas de extensión– malia que a súa densidade interna aparentemente fose baixa.



Sedente de Xinzo.

Esta obvia importancia arqueolóxica de Xinzo na Antigüidade –ata hai moi poucos anos practicamente descoñecida e que, sen dúbida, constitúe unha das principais novidades na arqueoloxía galaicorromana de inicios do novo milenio– vaise confirmando pouco a pouco nos tempos recentes, tanto sexa por algún achado casual – unha nova ara dedicada a *Magna Mater*– como, especialmente, pola realización de novas intervencións arqueolóxicas no Casco Histórico. Estas escavacións, de índole profesional (dirixidas polo arqueólogo Manuel García Valdeiras da empresa Anthropos), son moi recentes (a última de 2004) e teñen localizado estruturas e materiais antigos *in situ* en alomenos catro solares do Casco Histórico, contribuíndo así a delimitar o xacemento e definir a súa entidade.

Necesidades de futuro

O Concello de Xinzo de Limia, ante esta novidade da excepcional importancia arqueolóxica das súas orixes antigas e a forte emerxencia da arqueoloxía urbana no subsolo da cidade, ten reaccionado adoptando algunhas medidas concretas, entre elas a inclusión do xacemento arqueolóxico urbano na normativa urbanística –PXOM aprobado en maio de 2003– ou ben a realización, en xullo de 2005, dun curso universitario titulado “A Limia Galaicorromana”.


Estas actuacións denotan o interese do Concello en protexer o seu patrimonio arqueolóxico e mais en promocionar e desenvolver o seu coñecemento histórico e científico, pero resultan un tanto insuficientes para respostar adecuadamente ás novas necesidades xurdidas.






Estas necesidades consisten, esencialmente, en incrementar sensiblemente o nivel de investigación arqueohistórica básica –insistindo especialmente en puntos febles como a delimitación e caracterización precisa do xacemento urbano, no estudio dos materiais atopados, ou na interrelación espacial e estratigráfica entre as diversas escavacións realizadas– ó mesmo tempo que se implementa un sistema de información arqueolóxica, específico e adaptado, que sexa útil e efectivo á hora de xestionar administrativamente o patrimonio arqueolóxico urbano –complemento e renovación do catálogo de xacementos urbanos, ferramenta para deseño e redacción do futuro Plan Especial–, protexelo, conservalo e, se fose o caso, proceder á súa rendabilización social mediante musealizacións de ruínas *in situ*, recreacións ou exposicións públicas de pezas e materiais.

Obxectivos

Lóxicamente, os obxectivos pretendidos polo proxecto tentan responder ás necesidades antes suñadas, tanto sexa na súa dimensión propiamente arqueolóxica – investigación humanística e científica básica– como patrimonial –necesidade dunha ferramenta efectiva de xestión, protección e posta en valor dese patrimonio.

O obxectivo básico está ben expresado no título do proxecto. Se trata de crear e desenvolver un sistema de información arqueolóxica para a arqueoloxía urbana de Xinzo que sirva para avanzar no coñecemento do pasado xinzense –de aí os estudos de prospección, analítica e interrelación de estruturas e materiais– pero que tamén funcione como ferramenta de planificación, protección e rendabilización futura do patrimonio arqueolóxico descuberto ou por descubrir.



- | | |
|---|---|
|  Área probable de ocupación |  Vestixios arqueolóxicos |
|  Hipotéticos aliñamentos fósiles |  Cauce antigo do río |
|  Vía principal e camiños comarcais | |

No fondo, se pretende diseñar e conformar os medios materiais que sirvan de base para a creación futura dunha hipotética Oficina de Información Arqueolóxica Municipal. Esta oficina, hoxe inexistente, funcionaría como punto de información único e centralizado, abrangendo integralmente tódolos aspectos da investigación arqueolóxica (metodoloxía de prospección, escavación e rexistro; estudo/analítica de estruturas e materiais; publicación e divulgación de resultados; conservación, restauración e posta en valor do patrimonio arqueolóxico) en vez de atender soamente, tal como infelizmente é moi habitual, ós aspectos meramente administrativos e de xestión. Por outra parte, tamén se pretende evitar a dispersión e disolución da información arqueolóxica entre os arqueólogos de campo, os arqueólogos da Administración e os xestores do Patrimonio, algo que infelizmente tamén é moi común nas curtas experiencias de Arqueoloxía Urbana das vilas e cidades do Estado Español.

Programa de actuacións

O programa a desenvolver dentro do Proxecto consiste nunha batería combinada de actuacións que describimos a seguir:

- Prospección arqueolóxica intensiva do xacemento urbano xinzense co obxectivo de delimitar da forma mais precisa posible a súa extensión e características. Esta prospección inclúe:
 - Acopio e vaciado sistemático de toda a documentación disponible: bibliografía específica, informes inéditos de intervencións, referencias en xornais, informacións orais de constructores e veciños, etc.
 - Prospección de campo en edificacións – localización de pezas reaproveitadas nas actuais construcións– e solares valeiros. Nestes últimos, se tivesen terra á vista (p.e. campos arados), se procedería a unha recolla sistemática de material arqueolóxico de superficie.
 - Prospección xeofísica –aplicación das técnica de xeorradar en colaboración con outros grupos de investigación da Universidade– naqueles solares ou espacios públicos onde haxa fundada presunción da presenza de vestixios arqueolóxicos e se coñeza suficientemente a disposición estratigráfica do terreo.

- Realización de sondaxes valorativas naqueles lugares de meirande interese e potencialidade arqueolóxicas, tanto sexan solares privados –caso de que se consiga a preceptiva autorización dos propietarios– como, especialmente, espazos ou solares de titularidade pública. Estas catas serán de extensión limitada e, independentemente do achado ou non de estruturas arqueolóxicas, unha vez documentadas serán novamente tapadas e reintegradas á súa situación orixinaria. Tamén se contempla a posibilidade de que os membros participantes no proxecto colaboren en intervencións arqueolóxicas alleas (p.e. escavacións arqueolóxicas profesionais promovidas e financiadas por promotores ou constructores) realizadas en Xinzo durante o tempo de vixencia do Proxecto.
- Estudio de estruturas e/ou materiais arqueolóxicos aparecidos en intervencións arqueolóxicas urbanas precedentes, lóxicamente en colaboración cos arqueólogos profesionais responsables de cada intervención. Mais que o estudio individualizado dos restos solar por solar, interesa o seu estudio conxunto –como se fosen partes dun grande e único xacemento–, especialmente as interrelacións entre estruturas (continuidade, orientación, características, etc.) e as concomitancias estratigráficas.
- Elaboración dunha base de datos informatizada onde se recopile e organize toda a información. Esta base de datos constitúe propiamente o *ArqueoGenitio* ou Sistema de Información Arqueolóxica Urbana Xinzense, prevéndose a opción de que unha versión do mesmo poida ser de consulta pública vía Internet. O apoio gráfico terá unha especial relevancia no Sistema, utilizándose a cartografía e planimetría dixital dispoñible como base de localización e catalogación de cada vestixio arqueolóxico atopado. O *ArqueoGenitio* será o punto de partida para a investigación arqueohistórica (publicacións monográficas ou de divulgación) e tamén a ferramenta básica para a xestión administrativa municipal (ampliación e corrección do catálogo de xacementos, variación e precisión das categorías e niveis de protección, redacción do futuro Plan Especial).

- Publicación das principais conclusións arqueohistóricas obtidas no Proxecto, tanto sexan específicas como a nivel xeral. Estas publicacións, monográficas e especializadas, terán a forma de artigos en revistas ou comunicacións a congresos.
- Elaboración dun anteproxecto viable, a medio/longo prazo, para a divulgación e posta en valor do patrimonio arqueolóxico urbano de Xinzo. As posibilidades de posta en valor e rendabilización social do patrimonio, imposibles de determinar con precisión no momento actual, poderían incluír exhibicións de estruturas conservadas *in situ*, musealizacións indirectas de vestixios ocultos ou non conservados, exposicións permanentes ou temporais de materiais mobles, ou circuitos de visita guiada (guías turísticos ou folletos informativos).